

Rogos e preguntas do Pleno de decembro de 2021

Preguntas formuladas por Dona María Blanco Blanco.

Pregunta: no pleno de novembro presentouse unha proposta de alcaldía para a aprobación do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible. Esta foi feita por urxencia e a xustificación que se deu polo goberno foi que os técnicos das concellerías de Urbanismo e Medio Ambiente tiñan moita carga de traballo e non puideran rematar antes ese documento. Posteriormente o Sr. Leal durante a explicación do asunto dixo que este plan estratéxico fora feito polo mesmo equipo que realizara o PMUS, afirmación que contradí o anteriormente utilizado como escusa para xustificar a tardanza de traer ao pleno dito asunto. Redactou o documento do Plan Estratéxico do Clima a mesma empresa que fixo o PMUS? Se é así, confirman que é unha empresa externa ao Concello de Bueu?

Resposta: O PACE foi redactado por unha empresa externa ao Concello, ao igual que o PMUS. Este tipo de documentos estratéxicos deben ser elaborados por empresas especializadas e con experiencia, xa que é preciso contar con datos e estatísticas sobre o medio ambiente, a mobilidade etc.

Preguntas formuladas por Dona Isolina Villanueva Reboiras.

Pregunta: Habilitar el bono comercio es algo que nuestro grupo municipal lleva reclamando mucho tiempo. Por fin ha llegado el momento de utilizar dicha herramienta para propulsar el comercio local. Surgen dudas del cumplimiento de las bases específicas de los bonos del consumo local. Ante la incertidumbre que nos generan los datos que tenemos, es necesario obtener respuestas de las siguientes preguntas.

1. ¿Cuántos establecimientos participan?
2. ¿Cómo han hecho el cálculo para repartir a cada establecimiento si hay comercio que fueron inscritos el día 4 de diciembre, fuera del plazo? Recordar que la base cuarta dice “no se admitirán más solicitudes a partir de la fecha límite.

3. ¿El concello se puso en contacto con los comerciantes y los hosteleros que no pertenecen a Fecimo?
4. ¿Cuál es el motivo de no cumplir con los plazos?
5. ¿Cómo es posible que a día 2 de diciembre estuviese el plazo para registrarse como consumidor o beneficiario del bono comercio, si la fecha es del 3 al 30 de diciembre?

Resposta: en primeiro lugar, queremos mostrar o noso agradecemento á Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (FECIMO), quen nos presentou unha proposta a mediados de 2020 na que vimos traballando ata chegar a estes bonos, nun proceso non exento de dificultades. Tamén cómpre indicar que estes bonos son posibles grazas á aprobación dos Orzamentos Xerais do ano 2021, que non contou co voto favorable do PP.

Procédese agora a responder as cuestións formuladas.

1. Segundo os datos facilitados pola entidade xestora do programa, hai 42 establecementos adheridos, tal e como está publicado na páxina web <https://bueuconsumelocal.gal/>, o que demostra a total transparencia do proceso.
2. É mentira que se sumasen establecementos o día 4 de decembro. O rexistro é anterior, e outra cousa é que se valide o rexistro o día 4, que son dúas cousas diferentes. Tal e como se estipula no convenio asinado entre o Concello de Bueu e FECIMO, establécese un límite máximo de 1.450 euros bonificados por establecemento comercial (límite suxeito a dispoñibilidade orzamentaria), e establecerase unha reserva de crédito de 800 euros por establecemento participante.
3. Dende hai varios meses, o Concello divulgou información nos medios de comunicación na que se anunciaba que se estaba traballando nesta campaña de promoción do comercio local, que sería xestionada por FECIMO coma no resto da comarca, e que se dirixiría tanto ao comercio asociado como ao non asociado. Ademais diso, cóstanos que por parte de FECIMO se difundiu a campaña entre establecementos asociados e non asociados.
4. O Concello facilitou a incorporación na campaña dos comercios ata esa data, sen que se prexudicase os dereitos dos comercios inscritos con anterioridade. Tómase esta decisión para que o maior número de establecementos se inscribisen no

programa, e tendo en conta que non ían en detrimento dos dereitos dos demais. En todo caso, á vista da pregunta do PP, valoraremos se manter ou excluír a ditos establecementos na campaña.

5. Non existe ningún problema porque as persoas se inscriban o 2 de decembro dado que ata o 3 o sistema non lles deixa facer operacións. O rexistro dun cliente/a no bono non lle outorga ningunha vantaxe diante por facelo un día ou outro, posto que o rexistro non supón reserva de crédito para o cliente/a.

Preguntas formuladas por Dona Elena Estévez Freire.

Pregunta: Na sesión plenaria do mes de xuño de 2021, presentamos unha moción no pleno na que a proposta de acordo era “Instar o goberno municipal a iniciar os trámites pertinentes para a creación e instalación da figura de Dora, personaxe do noso veciño Luis Davila, previo consentimento del, recoñecendo así o seu labor e a súa contribución na proxección exterior da vila de Bueu. Dita moción foi rexeitada cos votos en contra de BNG-ACB, argumentando que o goberno xa levaba varios meses negociando co artista a colocación da figura de Dora e outros debuxos na piscina municipal. En base ó exposto, e despois de máis de 6 meses desde a presentación da moción, formulamos as seguintes preguntas: 1. Está xa colocada a figura de Dora na piscina municipal tal e como afirmaron que farían na sesión plenaria? 2. En caso de resposta afirmativa, cal foi o custo económico para o concello da realización deses traballos? 3. Plantéxouselle ó artista a posibilidade de colocar a figura de Dora nalgunha rúa de Bueu?

Resposta: o Concello de Bueu ten previsto colocar un vinilo na piscina, para o que xa se levaron a cabo as xestións pertinentes. O investimento total foi de 4001 euros, no que se computa a cesión de dereitos de ilustración ao artista local Luís Davila, cun importe de 2100 euros, e de impresión e colocación do vinilo, por importe de 1901 a nome da empresa AEME Soluciones Gráficas. Precisamente, a citada empresa está pendente de colocar o vinilo que non puido facer antes por mor da chuvia e do mal tempo. No caso da cuestión do personaxe de Dora para exterior, está pendente unha nova xuntanza co deseñador Luís Davila para trasladar unha nova proposta ao formulado nas anteriores.

Pregunta: A Deputación de Pontevedra aprobou na última Xunta de Goberno un investimento de arredor de 400.000 euros para financiar actividades formativas que teñen como obxectivo mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas en situación de vulnerabilidade na nosa provincia. Os itinerarios formativos son varios: Actividades auxiliares de almacén. Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais. Dinamización de actividades de tempo libre educativo, infantil e xuvenil. Socorrismo en instalacións acuáticas. Socorrismo en espazos acuáticos naturais. Servicios auxiliares de perruquería. Traballos de carpintería e moble. Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes. Seguridade informática. Este plan está dirixido a persoas desempregadas, inscritas como demandantes de emprego e que pertencen a colectivos vulnerables (persoas desempregadas de longa duración, mozos e mozas menores de 30 anos, maiores de 55, persoas con diversidade funcional, inmigrantes e minorías étnicas, así como comunidades marginadas). En base ó exposto, formulo as seguintes preguntas: 1.- Presentou o Concello de Bueu solicitude para optar a estes itinerarios formativos? 2.- No caso de que a resposta fose negativa, non considerou o goberno estas actividades de interese para a cidadanía de Bueu e cales son as razóns para non presentar solicitude para participar en dito programa? 3.- No caso de que a primeira resposta fose afirmativa, comunicóuselle ó Goberno a concesión dalgún dos itinerarios formativos?

Resposta: de momento non existe ningunha convocatoria para os concellos, polo que descoñecemos o alcalde do programa e se estas accións as desenvolverá a Deputación de Pontevedra ou se poderemos participar os concellos.

Rogos

A Sra. Núñez Rey pide que non se sinale cunha cadeira dun bar un sumidoiro na zona da Banda do Río.

O Sr. Rodríguez Piedras roga respecto á un pivote nas Carballeiras e outro do edificio Pintos, que hai xente con mobilidade reducida e pide que se actúe nas beirarrúas. Engade que tamén na rúa Santán hai unha serie de sacos que dan unha imaxe moi mala.